

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. 2020

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de dous mil vinte, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria de la Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo por Decreto 148/2016, de 13 de novembro, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia

Doutra parte, D. José María Seijas López, co DNI 33810002W, actuando en nome e representación da Federación Galega de Comercio, na súa calidade de presidente en virtude das facultadas emanadas do artigo 28 dos Estatutos, aprobados en Asemblea Xeral celebrada o 27 de setembro de 1993.

Os comparecentes, na representación que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración, e en consecuencia,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en adiante, a Consellería, segundo o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 18, de 25 de xaneiro de 2018), é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e promoción do sector comercial retalista, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas pola Federación Galega de Comercio para acadar o nivel de competitividade desexable cara o mercado interior e que incida no seu maior desenvolvemento.

O comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo. Por outra banda, a crise do CORONAVIRUS COVID 19 e o estado de alarma declarado a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, afectou a todos os sectores, entre eles, de forma moi significativa o comercio.

Por isto, é preciso poñer en marcha unha serie de medidas para asesorar, informar, impulsar a dixitalización e reforzar a dinamización do sector, para evitar unha perda de competitividade. Na crise, manifestouse como a dixitalización e o uso das novas tecnoloxías se configuraban como ferramentas de utilidade para manter a actividade do comercio, polo que resultaba preciso a posta en marcha de mecanismos de xestión integral que permitirán combinar a venda física coa venda en liña e a distancia.

Así mesmo, a suspensión de actividades económicas durante o estado de alarma esixe a programación de liñas de dinamización que incentiven a demanda e procuren a visualización

do comercio de proximidade e dos mercados e prazas de abastos e potencien a súa actividade.

No orzamento de gastos para o exercicio 2020 inclúese a aplicación 09.30.751A.781.1 “Asociacionismo comercial e servizos pemes comerciais”, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 “Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais”. De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

SEGUNDO. A Federación Galega de Comercio, no sucesivo, a Federación, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ó que a súa denominación e fins se contraen, e entre outros, a representación, defensa e promoción dos intereses do comercio retalista, así como formular propostas e ser interlocutores perante a administración en todas aquelas accións, reformas ou medidas tendentes ó desenvolvemento, mellora e regulamento das actividades empresariais do comercio, sendo a entidade mais representativa do sector comercial no ámbito de Galicia.

Neste senso, a posta en marcha de distintas actividades relacionadas directamente coa información, formación e promoción do comercio (e en especial do comercio electrónico), así como a profesionalización da xestión dos clientes como eixos fundamentais de actuación, amósanse axeitadas perante a situación que vive este colectivo, que demanda un decidido apoio na consecución dunha maior concorrència fronte a outras estruturas comerciais, e onde as administracións públicas teñen que xogar un papel relevante. Por elo, considérase que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e de acordo co disposto no artigo 26.2 a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència competitiva porque as actuacións obxecto deste convenio realizaranse pola Federación que é a única que pode alcanzar a toda a Comunidade Autónoma e desenvolve as actividades de fomento deseñadas e executadas singularmente por ela mesma.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social, económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, na financiación deste convenio, para a concesión dunha subvención directa de carácter singular a Federación Galega de Comercio,

TERCEIRO. Con carácter previo á sinatura deste convenio, a Federación acreditou a concorrència ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

Por todo iso, as partes consideran que a mellora da competitividade do comercio polo miúdo precisa, entre outros, dunha posta en valor dos recursos con que se conta para favorecer o desenvolvemento comercial, implementando as accións no ámbito do comercio de información-promoción nas que se amosan especialmente as vantaxes competitivas do pequeno comercio de proximidade; e dado o interese coincidente da Consellería e da Federación, acordan a formalización dun convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería e a Federación para a realización de accións de información-promoción no comercio retalista, que a continuación se especifican cun orzamento total que ascende a **seiscentos sesenta e nove mil novecentos euros (669.900,00 €) IVE engadido**.

En execución do presente convenio realizaranse as seguintes actuacións, cos custos que se recollen no Anexo e de acordo co seguinte desglose:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
A.-LIÑA ASISTENCIAL E INFORMATIVA	
1. Gabinete de Asistencia Técnica ó sector comercial e Liña 900 gratuita de Asesoramento e Información, especialmente en relación á crise derivada da epidemia do COVID-19. Desenvolvemento da plataforma de contratación de servizo centralizado.	300.000,00.- euros.
B.- LIÑA DIXITALIZACIÓN	
2. Plataforma de Comercialización Dixital On-Off line. Posta a disposición do comercio galego, principalmente a través das súas asociacións e Centros Comerciais Abertos/Urbanos dunha ferramenta competitiva que impulse a dinamización e a modernización do sector. Profesionalización da venda e a estratexia multicánle coa conseguinte redución dos tempos de dedicación, esforzo e de resposta, dirixidos a venta coordinada nos canles dixital e físico	35.500,00.- euros
3. Expansión da implantación do E-Ticket Dixital no comercio galego , pola súa importancia para a sostibilidade do entorno e a súa salubridade.	20.000,00.-euros
4. Programa de divulgación e formación sobre as vantaxes da dixitalización e do comercio en liña. Complementariamente, levaranse a cabo actividades formativas en materia de medidas de protección e seguridade e saúde no posto de traballo, tanto para o comercio de proximidade, como para o comercio en liña e o comercio ambulante.	70.000,00.- euros.
C.- LIÑA DINAMIZACIÓN	
3. Accións de dinamización das compras nos mercados e prazas de abastos de Galicia tanto individuais como no marco da campaña internacional “Quere o teu mercado”, coa finalidade de visualizar os mercados e prazas de abastos como espazos de subministro de alimentación. Realización de	118.200,00.- euros

eventos e elaboración de material promocional.	
6. Dúas Campañas de dinamización do comercio galego: “ Días Azuis do comercio galego ” e asistencia técnica á administración para a realización de campañas de dinamización comercial no ámbito da Rede de Comercios e Mercados no Camiño.	126.200.- euros
Total.....	669.900,00.- euros

SEGUNDA. A Consellería achegará a cantidade de **seiscentos nove mil seiscentos nove euros (609.609,00€)**, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.781.1 “Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais” do orzamento de gastos para o ano 2020.

TERCEIRA. A Federación comprométese a executar as actuacións previstas e a especificar a colaboración da Consellería en toda a documentación que delas se deriven, así como a financiar o resto do orzamento na cantidade de **sesenta mil douscentos noventa e un euros (60.291,00 €)**.

Debido a que as actuacións obxecto do convenio van a implicar que a Federación beneficiaria leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto. Esta previsión será comprobada polo órgano xestor no momento da xustificación de cada unha das actividades e gastos incorridos con carácter previo a efectuar os pagos a conta, sen prexuízo de aplicar o disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, tal e como se establece na cláusula quinta do presente convenio.

A subcontratación das actividades subvencionadas poderá alcanzar o 100% e regularanse polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 b) do TRLCSP para ser poder adxudicador.

CUARTA. A aportación da Consellería para a realización das actividades obxecto deste convenio é compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

QUINTA. O libramento da aportación pola Consellería levarase a cabo unha vez que a Federación acredite, mediante certificación expedida polo órgano competente, a realización das accións, e relación certificada de gastos, acompañada de relación nominativa de facturas ou medios de xustificación equivalentes agrupadas por cada unha das actuacións desenvolvidas coa conformidade da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, antes do 5 de decembro de 2020.

As facturas e documentos xustificativos dos gastos deberán achegarse acompañados dos xustificantes de pagamento de acordo co que dispón o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, agás os daqueles gastos, de tracto periódico e iterativo, tales como o pago de impostos ou de cotizacións de traballadores que non é posible xustificar dentro do período estipulado neste convenio pero dos que se presentan nóminas ou copia das liquidacións, no seu caso. A federación deberá presentar unha xustificación complementaria no mes de xaneiro ou febreiro, cando o o pago sexa efectivo para completar o expediente.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor (40.000 euros no suposto de execución de obra ou 15.000 euros nos demais supostos), a Federación deberá achegar a documentación relativa á solicitude de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención; todo elo de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, modificado pola Lei 12/2011 do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando no recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia, a Federación deberá acreditar a concorrência ou non con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

A aportación da Consellería minorarase porcentualmente no caso de que a Federación non xustifique o orzamento total que figura na cláusula primeira.

Para facer efectivo o devandito libramento, cómpre que pola Federación se presenten certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio. Por outra banda, a Federación queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

SEXTA. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma

ponderación que tivese a condición incumprida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

Así mesmo, toda alteración das devanditas condicións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación das cantidades establecidas na cláusula segunda deste convenio.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA. A Federación presta o seu consentimento á Consellería para que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

OITAVA.- Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020. Así mesmo, quedan incluídas as accións desenvolvidas dende o mes de xaneiro do ano 2020 ata o 30 de novembro de 2020, e que se correspondan co obxecto deste convenio. Non se contempla a posibilidade de prórroga.

NOVENA.- A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes, e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste Convenio. A citada comisión estará presidida por un dos representantes da Consellería.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DECIMO PRIMEIRA: A modificación da distribución das actuacións previstas no presente convenio son circunstancias que poden dar lugar a unha modificación non substancial do convenio que será aprobada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo previa proposta da Comisión Mixta de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio, sempre que non supoñan incremento na contía global prevista, que respondan aos obxectivos sinalados na cláusula primeira do convenio e cumpran os requisitos da normativa, nacional e autonómica, en materia de subvencións.

Calquera outra modificación distinta das anteriores, proposta pola Comisión Mixta de Seguimento, será realizada a través do mesmo procedemento que se seguiu para a elaboración deste convenio.

DECIMO SEGUNDA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DECIMO TERCEIRA.- Na execución do presente convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais garantía dos dereitos dixitais e demais normativa aplicable sobre protección de datos de carácter persoal e, especialmente as obrigas de información e esixencia de consentimento expreso aos interesados para o tratamento e cesión dos seus datos coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento, execución e avaliación dos programas

DECIMO CUARTA .- Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio rexerese, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á Consellería a prerrogativa de interpretación deste convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativos.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

Pola Xunta de Galicia
O conselleiro de Economía, Emprego
e Industria

Pola Federación Galega de Comercio
O presidente

Francisco José Conde López

José María Seijas López

ANEXO

O custo total estimado das actuacións obxecto do convenio ascende **seiscentos sesenta e nove mil novecentos euros (669.900,00 €) IVE engadido**, desagregado nos seguintes conceptos:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
A.-LIÑA ASISTENCIAL E INFORMATIVA	
1. Gabinete de Asistencia Técnica ó sector comercial e Liña 900 gratuita de Asesoramento e Información, especialmente en relación á crise derivada da epidemia do COVID-19. Desenvolvemento da plataforma de contratación de servizo centralizado.	300.000,00.- euros.
B.- LIÑA DIXITALIZACIÓN	
2. Plataforma de Comercialización Dixital On-Off line. Posta a disposición do comercio galego, principalmente a través das súas asociacións e Centros Comerciais Abertos/Urbanos dunha ferramenta competitiva que impulse a dinamización e a modernización do sector. Profesionalización da venda e a estratexia multicanal coa conseguinte redución dos tempos de dedicación, esforzo e de resposta, dirixidos a venta coordinada nos canles dixital e físico	35.500,00.- euros
3. Expansión da implantación do E-Ticket Dixital no comercio galego , pola súa importancia para a sostibilidade do entorno e a súa salubridade.	20.000,00.-euros
4. Programa de divulgación e formación sobre as vantaxes da dixitalización e do comercio en liña. Complementariamente, levaranse a cabo actividades formativas en materia de medidas de protección e seguridade e saúde no posto de traballo , tanto para o comercio de proximidade, como para o comercio en liña e o comercio ambulante.	70.000,00.- euros.
C.- LIÑA DINAMIZACIÓN	
5. Accións de dinamización das compras nos mercados e prazas de abastos de Galicia tanto individuais como no marco da campaña internacional “Quere o teu mercado”,	118.200,00.- euros

coa finalidade de visualizar os mercados e prazas de abastos como espazos de subministro de alimentación. Realización de eventos e elaboración de material promocional.	
6. Dúas Campañas de dinamización do comercio galego: “ Días Azuis do comercio galego ” e asistencia técnica á administración para a realización de campañas de dinamización comercial no ámbito da Rede de Comercios e Mercados no Camiño.	126.200.- euros
Total.....	669.900,00.- euros

A.- LIÑA ASISTENCIAL E INFORMATIVA

- Gabinete de Asistencia Técnica** ó sector comercial e Liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información **especialmente en relación á crise derivada da epidemia do COVID-19**. Desenvolvemento da plataforma de contratación de servizo centralizado
300.000,00 €.

Manter na organización representativa do sector (xaneiro – novembro 2020) a través do denominado Gabinete de Asistencia Técnica e Liña 900 gratuíta de asesoramento e información. Desenvolvemento da plataforma de contratación de servizo centralizado. Manterase persoal técnico cualificado para o desempeño exclusivo das funcións de orientación, asesoramento, plataforma de servizo centralizado e información das estruturas asociativas comerciais e demais entidades de comercio existentes no noso ámbito xeográfico.

Este Gabinete e liña 900 gratuíta ten como obxectivos principais resolver as dúbidas das persoas comerciantes, informar sobre as diferentes medidas a adoptar e apoiar ao coñecemento dos programas e liñas de axuda promovidas pola administración, en especial a autonómica, así como as distintas ferramentas que ten ó seu dispor o comerciante do sector do comercio polo miúdo, especialmente en relación á crise derivada da epidemia do COVID-19.

O Gabinete e liña 900 gratuíta sustánciase no mantemento do asesoramento e información ó sector comercial ó longo da vixencia do presente convenio, empregando ferramentas tales como unha liña telefónica gratuíta, que se concreta na liña 900 103 087, de acceso a todos os comerciantes da comunidade galega que poidan requirir os servizos descritos con anterioridade. Así mesmo, empregarase para o bo desenrolo da liña 900 as novas tecnoloxías de comunicación de uso cotiá como son o e-mail, mensaxes e a plataforma corporativa da Federación e as súas ferramentas, así como o correo ordinario e a mensaxería.

Con esta liña gratuíta 900 103 087 facilítase o achegamento do comercio á Administración e ós seus programas de apoio ó sector a través da organización representativa do sector do

comercio galego. Todo elo canalizado dunha maneira cualificada, profesional, sinxela e gratuíta para o comercio galego.

Os custos contemplados dentro de este servizo son os seguintes:

- Custos de persoal da Federación Galega de Comercio adicados ó Gabinete de asistencia técnica e liña 900 (custos salariais totais. Líquido, retencións máis a Seguridade Social-).

O orzamento destes custos acada un importe de 260.000 euros (ive engadido).

- Custos de difusión e promoción do Servizo.
 - Actuacións dirixidas á difusión e coñecemento do Gabinete de Asistencia técnica e liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información ó sector comercial. Así como os servizos propios e vencellados ó gabinete de Asistencia Técnica ó comercio galego, e os distintos programas dirixidos ó comercio e ás súas asociacións: ciclo de xornadas informativas. O obxectivo é fomentar o coñecemento por parte dos comerciantes e das asociacións das ferramentas que a Consellería de Economía, Emprego e Industria – Dirección Xeral de Comercio e Consumo, e a Federación Galega de Comercio poñen ó seu dispor, incentivando que fagan uso delas. Dentro das actuacións inclúense os gastos de deseño e edición de material audiovisual ou de manuais.
 - Liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información ó sector comercial. Desenvolvemento da plataforma de contratación de servizo centralizado e o seu Gabinete de Asistencia Técnica: Publicidade xenérica en medios de comunicación.
 - Gastos correntes do Gabinete de Asistencia Técnica e a súa Oficina coa liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información ó sector comercial. Publicidade xenérica en medios de comunicación. Aluguer de equipos informáticos e periféricos hardware e software, pólizas de seguros, fotocopidora, audiovisuais e mobiliario para o correcto desenvolvemento da liña 900 e o seu Gabinete. Gastos derivados do funcionamento do Gabinete de Asistencia Técnica: gastos correntes en bens e servizos (alugamento vehículos, gastos de administración xeral e material funxible de oficina e ofimática, gastos correo e mensaxería, manuais sociais-laborais, mantemento de software contable e de facturación, gastos de limpeza, gastos de asesoramento, mantemento marcas da asociación, de auditoría, Servidor/es web Multihost/Virtual Up administrado, certificación une en iso 9001:2008, subscripción a prensa, gastos derivados da administración de auga, mantemento e dominios web, plataforma enquisas web, comunidade, electricidade, telefonía/fax, plataforma/comunicación sms, mantemento da páxina web corporativa e plataforma de servizos).

O orzamento de estes custos supón un importe de 40.000 euros (ive engadido).

O orzamento total do **Gabinete de Asistencia Técnica** ó sector comercial e Liña 900 gratuíta de Asesoramento e Información. Desenvolvemento da plataforma de contratación de servizo centralizado supón un importe de 300.000 euros (ive engadido).

B.- LIÑA DIXITALIZACIÓN

2 . Plataforma de Comercialización Dixital On-Off line. Posta a disposición do comercio galego dunha ferramenta competitiva que impulse a dixitalización do sector e o aproveitamento das sinerxias derivadas da venda en liña, procurando a dinamización e a modernización do sector, especialmente ante a situación derivada do COVID-19, profesionalizando a venda e a estratexia multi/omnicanal coa conseguinte redución dos tempos de dedicación, recursos, esforzo e de resposta, dirixidos a venda coordinada nos canles dixital e físico.

A plataforma levará engadido o E-Ticket dixital que permite aos comercios e os seus clientes substituír o ticket tradicional impreso en papel por un sistema dixital, moderno, fiable, sostible e máis salubre. O E-ticket Dixital permite aos clientes/comercios coñecer o estado e garantía das súas compras/ventas, evitando os inconvenientes do ticket tradicional ante a súa perda ou a deterioración, ademais de minimizar o uso do papel e contaminantes vinculados á impresión.

.....**35.500,00 €**

A Plataforma de Comercialización Dixital On-Off line comporta coordinadamente co e-ticket dixital unha serie de retos, destacando os que seguen:

Actualización en servizos de terceiros: Os distintos recursos técnicos/humanos deben provisionarse permitindo solucionar incidencias ante posibles cambios nas políticas de uso e/ou integración.

Concurrencia: Un dos puntos críticos deste tipo de sistemas é o acceso concorrente de múltiples usuarios, ben nun mesmo instante ou nun rango temporal.

Peticións múltiples: Cada operación efectuada por un comercio ou cliente xerarán múltiples peticións a outros subsistemas que deben ser distribuídas de forma eficiente.

Backups, trazabilidade e respaldo: Todas as operacións deben poder ser trazables e garantir os datos con múltiples backups, levándose a cabo copias de seguridade automatizadas.

Escalabilidade: Débense poder afrontar un número de peticións extraordinarias, ben por franxa horaria, eventos puntuais como períodos de rebaixas, ou simplemente por un aumento de usuarios adscritos á plataforma.

Seguridade e resiliencia: Moitas funcionalidades implican a integración de dous o máis servizos externos polo tanto debe garantirse unha comunicación segura entre as distintas partes (cifrado de datos, accesos por capas e VPN/Intranet, etc). Todo o sistema debe estar preparado para actuar fronte a fallos de terceiros.

O obxectivo da plataforma é a de permitir ás empresas comerciais de venda polo miúdo galegas competir en igualdade de condicións con outras fórmulas de venda en liña, dando visibilidade aos seus produtos en todos os mercados e canles posibles [on-offline], minimizando os custos asociados á súa xestión.

As accións xeración, implantación e de desenvolvemento da Plataforma Dixital de Comercialización On-Off line co E-Ticket levaráanse a cabo en setenta establecementos comerciais galegos e como programa piloto e, serán as que seguen:

- ✓ Plataforma Comercialización Off-online:

- Análise e planificación como un SasS, modulo aplicativo en evolución.
- Módulo Principales
 - Bi
 - Pos
 - Facturación
 - Producto
 - Stock
 - Canales online
 - Clientes
- Configuración hard/soft de servidores e dependencias.
- Análise e deseño DDBB.
- Elaboración de contidos e de manuais.
- Desenvolvemento de:
 - Modulo adCore / Plataforma Web
 - Módulo de Usuarios
 - Implementacións da programación
- Integracións, tests e implementacións vencelladas.
- Transferencia da plataforma e as súas ferramentas: publicidade na rede: ruido social, rivais, influencers., prensa/radio.
- Reunións técnicas grupais en salas debidamente acondicionadas para o coñecemento do sector comercial / consumidor.

Os custos desta actividade xustificaranse cos conceptos que seguen:

- Medios humanos: Coordinador/es técnicos, Programadores, técnico/s analistas e / ou administrativos cualificados contratados mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custos salariais totais, líquido, retencións á SS, desprazamentos). Desenrolando as actividades de análise e planificación, configuración hard/soft servidores e dependencias, análise e deseño DDBB, integración, desenvolvementos, test-implementación, coordinación, programación, difusión-promoción, asesoramento e implantación da Plataforma de Comercialización Dixital on-off line. .
- Medios técnicos e desenvolvemento de tecnoloxía: Xeración e creación de Módulo SaaS e evolución. Elección e xestión de produto e canais de venda que garantan unha constante evolución da Core/Plataforma. Estatísticas de negocio. Módulo Usuarios. Aluguer de servidores dedicados, Hard-soft, Aluguer de equipos informáticos e periféricos hardware e software, rexistro marcas e patentes vencelladas, pólizas de seguros, fotocopiadora, audiovisuais e mobiliario para o correcto desenvolvemento da liña. Manuais, telefonía [voz e datos]. Aluguer de salas e equipos vencellados. publicidade na rede: ruido social, rivais, influencers., prensa/radio.

- Aluguer de vehículos. Posta en coñecemento ao comercio da Plataforma. Cartelería, rollers.

O orzamento da Plataforma *de Comercialización Dixital On-Off line* - ten un importe de 35.500,00 euros (ive engadido).

3. Expansión da implantación do E-Ticket Dixital no comercio galego..... 20.000,00 euros

A plataforma prevista no punto anterior permite aos comercios e aos seus clientes substituír o ticket tradicional impreso en papel por un sistema dixital, moderno, fiable e eficaz. Co obxectivo de expandir a súa implantación, levaranse a cabo actuacións de difusión do e-ticket dixital entre os consumidores e comerciantes así como de captación de comercios para a súa adhesión, realizando as actuacións precisas para a súa integración.

Destas integracións darase coñecemento á Dirección xeral de Comercio e Consumo con carácter mensual.

As accións de expansión na implantación e de desenvolvemento da Plataforma Dixital Centralizada E-Ticket levaráanse a cabo segundo o seguinte plan:

- ✓ Plataforma Dixital E-Ticket:
 - Análise e planificación da expansión da plataforma
 - Ampliación e Reconfiguración do hard/soft de servidores e dependencias.
 - Novas DDBB. [Análise e deseño]
 - Adaptación de contidos e manuais.
 - Enfocamento ós novos comercios de:
 - Modulo Core / Plataforma Web
 - Módulo de Usuarios
 - Apps Usuario Android /IOS
 - Tests e implementacións vencelladas.
 - Transferencia da plataforma e as súas ferramentas: publicidade na rede: ruido social, rivais, influencers., prensa/radio.
 - Reunións técnicas grupais en salas debidamente acondicionadas para o coñecemento do sector comercial / consumidor.

Os custes desta actividade xustificaranse cos conceptos que seguen:

- Medios humanos: Coordinador/es técnicos, técnico/s analistas e / ou administrativos cualificados contratados mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custes salariais totais, líquido, retencións á SS, desprazamentos). Desenrolando as actividades de análise e planificación; adaptacións e actualizacións do hard/soft servidores e dependencias, análise e deseño das novas DDBB, integración, desenvolvementos, test-implementación,

coordinación, difusión-promoción, asesoramento, achegamento, implantación, expansión da Plataforma Dixital Centralizada E-Ticket.

- Medios técnicos e desenvolvemento de tecnoloxía: Aluguer de servidores dedicados, Hard-soft, Aluguer de equipos informáticos e periféricos hardware e software, pólizas de seguros, fotocopiadora, audiovisuais e mobiliario para o correcto desenvolvemento da liña. Manuais, telefonía [voz e datos]. Aluguer de salas e equipos vencellados. publicidade na rede: ruido social, rivais, influencers., prensa/radio.
- Aluguer de vehículos. Expansión e posta en coñecemento ao comercio da Plataforma. Cartelería, rollers.

O orzamento da Expansión da implantación do E-Ticket Dixital no comercio galego - ten un importe de 20.000,00 euros (ive engadido).

4. Programa de divulgación e formación sobre as vantaxes da dixitalización e do comercio en liña. Complementariamente, levaranse a cabo actividades formativas en materia de medidas de protección e seguridade e saúde no posto de traballo, tanto para o para o comercio de proximidade, como para o comercio en liña e o comercio ambulante..... 70.000 euros

O Programa de divulgación e formación sobre as vantaxes da dixitalización achegarase ao comercio incidindo nas novas ferramentas ligadas á tecnoloxía dixital. **Terán lugar un mínimo de doce Xornadas divulgativas a razón de tres por provincia a partir do primeiro trimestre do ano en curso e en prazo de vixencia do presente convenio.** A proporción de Xornadas a desenvolver por provincia é orientativo, pero en todo caso mantendo o número de doce en total, que poderán desenvolverse na modalidade de teleformación a distancia non presencial . Os temas a tratar nas Xornadas serán os seguintes:

⇒
-

- Dixitalización e as súas ferramentas.
- Consumo e garantías
- Promoción e dinamización comercial.
- Reciclaxe: bolsas de plástico e a normativa de aplicación no pequeno comercio
- Seguridade de datos: normativa no pequeno comercio.
- Contribución á conta de resultados. Financiamento.
- Dixitalización das empresas. Innovación.
- Seguridades xurídica e de Datos. (Regulamento Europeo)
- Casos de éxito en novos formatos de comercio.
- Novos hábitos de compra. Fluxos de clientes. Consumo.
- Novo modelo de negocio e novas estratexias de relación co cliente.
- Coñecemento do cliente. Novo perfil do consumidor.
- Canles de distribución: canal móbil e internet. Pagos e procesos dixitais.
- Emprendemento, competitividade, diferenciación, crecemento.

- Novo comercio, deseño, marca, novos servizos, promos personalizadas.
- Fidelización.
- Redes sociais.

Os custes de esta actividade se desagregan nas seguintes accións:

- Organización e medios técnicos das xornadas.
- Aluguer de salas e stands así como os gastos vencellados.
- Edición de material
- Promoción e divulgación.
- Medios humanos: Coordinador técnico, presentador e/ou técnicos contratados mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custes salariais totais, líquido, retencións á SS).

Por outra banda, desenvolveranse, especialmente durante a vixencia do estado de alarma, accións formativas e de divulgación sobre as medidas preventivas adoptadas polas autoridades competentes dirixidas á protección dos cidadáns e contención da pandemia do COVID-19 [Coronavirus], no ámbito do sector comercial, así como a asistencia en remoto para a súa implementación tanto no comercio de proximidade, como no comercio en liña, como no comercio ambulante.

Ditas xornadas poderán realizarse na modalidade de teleformación a distancia a través de plataforma dixital.

Os custes destas actividades desagreganse nas seguintes accións:

- Elaboración de Plataforma de teleasistencia en liña.
- De ser o caso, aluguer de salas e stands así como os gastos vencellados.
- Edición e produción de material dixital e non dixital. Impartición de módulos/cursos asistenciais en liña.
- Promoción e divulgación.
- Medios humanos: Coordinador técnico, presentador e/ou técnicos contratados mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custes salariais totais, líquido, retencións á SS).

O orzamento deste Programa de divulgación e formación é de 70.000 euros (ive engadido).

C.- LIÑA DINAMIZACIÓN

5.- Accións de dinamización das compras nos mercados e prazas de abastos de Galicia tanto individuais como no marco da campaña internacional “Quere o teu mercado”, coa finalidade de visualizar os mercados e prazas de abastos como

espazos de subministro de alimentación. Realización de eventos e elaboración de material promocional118.200.00.- euros

Realización de actividades de promoción e visualización dos mercados e prazas de abastos, xestionadas tanto de forma individual como no marco da campaña internacional “Quere o teu mercado”

O obxectivo desta campaña internacional é destacar o papel dos mercados nas cidades e vilas de Galicia seguindo o modelo da campaña “Love Your Local Market”, desenvolvida pola Asociación Nacional de Autoridades de Mercados do Reino Unido que promove a recuperación dos mercados para a merca de produtos alimenticios frescos e de calidades, ó mesmo tempo que incentiva a creación de novos negocios no interior dos mercados.

Organizaranse distintas actividades en numerosos mercados galegos, distribuídos por todo o territorio, co obxectivo de visualizar, promocionar e activar os mesmos, incentivando a creación, de novos negocios para revitalización do sector comercial.

Como datas de referencia fíxase a segunda quincena de maio do presente ano para desenrolar a presente Campaña; poderanse trasladar/retrasar as datas de celebración anteditas de en función da declaración do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Os custes desta actividade desagreganse nas seguintes accións:

- Material promocional
- Piruletas con forma de corazón
- Globos impresos con e sen varilla
- Banderines de festa de cor.
- Bolsas de tea.
- Delantais serigrafiados
- Corazóns de cartón para Photocall
- Elementos Photocall
- Medios humanos: Coordinador técnico, e/ou técnico contratados mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custes salariais totais, líquido, retencións á SS).

O orzamento desta Campaña “Quere o teu mercado” ten un importe de 118.200,00 euros (ive engadido).

6. Dúas Campañas de dinamización do comercio galego: “Días Azuis do comercio galego” e asistencia técnica á administración para a realización de campañas de dinamización comercial no ámbito da Rede de Comercios e Mercados no Camiño.....126.200,00 euros

Cada unha das dúas campañas publicitario-promocionais terá unha duración aproximada de quince días, co gallo de fomentar, estimular e impulsar a merca no pequeno comercio galego e durante datas sinaladas de baixo consumo. Entre os obxectivos da Campaña tamén está a de mellorar o posicionamento, a imaxe e a confianza que percibe o consumidor do comercio tradicional galego como xerador principal do movemento da riqueza nos pobos, vilas e cidades galegas.

O pequeno comercio é un sector principal e de grande interese, que contribúe a consolidar o emprego actual e a manter as condicións existentes favorables para a posta en marcha de novas iniciativas emprendedoras, cunha mais que notable repercusión na cohesión da vida dos pobos. O comercio integra e fai o modelo de vila galega polo que campañas coma esta consolidan a estrutura económica galega, impulsan e favorecen a implantación de novos negocios e, por riba, fidelizan poboación e clientes nas zonas nas que se manteñen e /ou implantan.

Como datas de referencia para desenrolar as presentes Campañas fíxanse os meses de maio-xuño, e outubro-novembro do presente ano. Poderanse trasladar as datas de celebración antedita, de existir razóns de relevancia que xustifiquen o seu traslado. O acto de entrega de premios e de peche das campañas farase, dentro do posible, nos días seguintes a finalización das correspondentes actuacións [Bases depositadas ante notario].

Os custes destas dúas campañas de dinamización do comercio galego, Días azuis do comercio galego, desagréganse nas seguintes accións:

- Imaxe da Campaña: Deseño e creatividade da Campaña, desenvolvemento, personalización.
- Material de Campaña: cartelería promocional a distribuír nos comercios galegos, así como as bases da mesma.
- Software de xestión da Campaña: redireccionamento web, procesamento seguro de datos. Comunicación operativa e/ou promocional de participación na campaña..
- Servidor /res, Dominio/s web. Servizos tcp/ip
- Aplicativos de desenrolo e xestión de estadísticas da Campaña.
- Presentación sectorial da Campaña a realizar na fase previa ó comezo da campaña. A presentación terá lugar en vilas principais galegas:
 - Aluguer de salas
 - Aluguer de vehículos.
 - Medios audiovisuais/megafonía e informáticos. Acondicionamento de salas: rollers, sinalética, lonas, cartón pluma.
 - Papelería, Merchandising.
 - Medios informáticos e audiovisuais.
 - Divulgación en medios de comunicación. Prensa/radio e/ou dixitais.
- Sorteo Central da Campaña sectorial comercial.
 - Aluguer de salas
 - Medios audiovisuais/megafonía e informáticos. Acondicionamento de salas: rollers, sinalética, lonas, cartón pluma
 - Papelería, Merchandising.
 - Medios informáticos e audiovisuais.
 - Divulgación en medios de comunicación. Prensa /radio e/ou dixitais.
- Peche da Campaña sectorial, a realizar unha vez concluída a actividade promocional central da Campaña. Entrega dos

premios. A presentación terá lugar nunha cidade principal galega.

- Aluguer de salas
 - Medios audiovisuais/megafonía e informáticos. Acondicionamento de salas: rollers, sinalética, lonas, cartón pluma.
 - Papelería, Merchandising.
 - Medios informáticos e audiovisuais.
 - Divulgación en medios de comunicación. Prensa /radio e/ou dixitais.
- Medios humanos: Coordinador/es técnicos, e técnico/s contratados mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custes salariais totais, líquido, retencións á SS).
- Xestión administrativa:
 - Alta e mantemento de comercios.
 - Alta e mantemento de clientes.
 - Xestión de contidos:
 - Publicación circulares, e directrices de campaña para o comerciante.
 - Newsletters.
 - Manuais de usuario e procedementos.
 - Xestión de redes sociais (Facebook, twitter, pinterest, google+...):
 - Soporte técnico:
 - Técnicos de sistemas.
 - Xestión de base de datos
 - Seguridade informática Desenrolo web.
 - Soporte Técnico:
 - nivel 1: Atención básica, información.
 - nivel 2: Xestión de incidencias, reclamacións, perdas de servizo, etc.
 - nivel 3: Xestión do soporte.
 - Comercial, Marketing e comunicacións:
 - Acción comercial, vencellamento de comercios: Deseño Plan da Campaña. Obxectivos, execución e seguemento.
 - Contacto con colectivos e asociacións xestión de acordos
 - Deseño de pezas
 - Comunicación:
 - marketing viral.
 - promocións.
 - comunicacións segmentadas .
 - plataforma participación sms.
 - emailing HTML, sms.
 - Newsletters.

-Análise efectividade, estatística,
retroalimentación.

Elaboración dunha plataforma dixital para o desenvolvemento de campañas promocionais e de dinamización, mediante sorteos en liña, dos comercios e mercados integrados na Rede Comercios e Mercados no Camiño.

Os custes desta campaña de dinamización da Rede Comercios e Mercados no Camiño, desagreganse nas seguintes accións:

- Software de xestión da Campaña: redireccionamento web, procesamento seguro de datos. Comunicación operativa e/ou promocional de participación e resultados da campaña..
- Servidor /res, Dominio/s web. Servizos tcp/ip
- Aplicativos de desenrolo e xestión de estadísticas da Campaña
- Medios humanos: Coordinador/es técnicos, e técnico/s contratados mercantil e/ou laboralmente a todos os efectos (custes salariais totais, líquido, retencións á SS).

O orzamento da *Campaña de Dinamización da Rede Comercios e Mercados no Camiño* ten un importe de 4.000,00 euros (ive engadido).

O orzamento das dúas Campañas de dinamización do comercio galego: “Días azuis do comercio galego” ten un importe de 122.200,00.- euros (ive engadido).
